

MEMORIA PROXECTO PONTE DOS BROZOS

1. Contexto Xeral

O Proxecto Ponte dos Brozos nace da iniciativa da Fundación Amancio Ortega e do convenio asinado entre a Consellería de Educación e a devandita Fundación en xaneiro de 2002.

O obxectivo xeral do mesmo é a modernización dos procesos de ensino e aprendizaxe mediante a incorporación de avanzados instrumentos tecnolóxicos da información e comunicación como medio didáctico para acadar as mellores metas educativas.

2. Profesorado

Neste momento participan no proxecto PdB 54 profesores e profesoras

3. Obxectivos

3.1. Obxectivos xerais:

Dos obxectivos formulados a principio de curso cumpríronse os seguintes:

- Mellorar o nivel de información con respecto a marcha do proxecto: obxectivos, cursos, reunións, incidencias, formas de transmitir información entre os participantes do proxecto, mellor uso da plataforma...
- Secuenciar as competencias básicas do alumnado en cada ciclo, a partir dunha avaliación inicial
- Promover accións que permitan dar pasos para crear unha comunidade de aprendizaxe que sirva para acoller ao profesorado que sexa destinado en setembro e para dar respostas aos profesores menos alfabetizados tecnoloxicamente.
- Estudar as necesidades de equipamento

Non se puideron acadar por diferentes circunstancias os seguintes:

- Organizar os momentos de coordinación entre o profesorado. Como consecuencia da dispersión e das múltiples actividades a realizar durante o horario de permanencia no centro, resultou dificultosa a coordinación entre o profesorado.
- Sacar maior proveito á experiencia de moitos dos nosos compañeiros e compañeiras. Establecendo algún sistema de visitas internas.

- Mostra de boas prácticas sobre a utilización das TIC no tratamento da información. Tanto do mesmo centro como de fora

4. Actividades realizadas:

4.1. Cursos e actividades de formación realizadas:

- Curso básico de formación relativo ao uso do portátil, o traballo en rede e o uso da plataforma. Profesorado de nova incorporación ao PPdB. 17 profesores e profesoras.
- Curso sobre as aplicacións da Web 2.0. realizado os días 18 e 19 de outubro. Asistiron 8 profesores e profesoras do CEIP
- Curso Formación Inicial. 17 profesores e profesoras. 21, 23, 28, 30 de novembro e 4, 12 e 14 de decembro
- Curso de Creación de actividades de Ardora: 15 e 16 de novembro. Curso de 6 horas ao que asistiron 24 persoas. Impartido por J.Manuel Bouzán creador da aplicación
- Curso de Creación de actividades LIM. 24 e 25 de xaneiro. Curso de 6 horas ao que asistiron 14 persoas. Impartido pola nosa compañeira Montserrat Aguilar
- 2º curso aplicacións web 2.0. 14 e 15 de febreiro. 6 profesores e profesoras
- Curso sobre Moodle. 18 e 23 de abril e 7 e 14 de maio. 8 profesores e profesoras

4.2. Asistencia a xornadas e congresos

- IV congreso Tecnoneet. 28, 29 e 30 de setembro. Murcia. Asistiron 3 profesores do centro que presentaron dúas comunicacións. As impresións sobre o mesma aparecen reflectidas no seguinte blog <http://brozosencongresos.blogspot.com>

4.3. Visitas realizadas:

- Visita aos Colexios de San Walabonso de Niebla (Huelva) e ao CEIP Menéndez y Pelayo de Valverde del Camino (Huelva). 10 e 11 de maio. 6 persoas do colexio visitaron estes centros. Establecéronse contactos que esperamos sexan moi fecundos con estes dous centros andaluces. As impresións sobre esta visita se reflecten en <http://brozosencongresos.blogspot.com>

4.4. Visitas recibidas

- Recibimos a visita de 40 alumnos e alumnas da especialidade de Ed. Infantil da facultade de CC da Educación do campus de Ourense da universidade de Vigo

5. Organización dos integrantes do proxecto:

- O coordinador pedagóxico tivo unha reunión semanal, que se foi realizando alternativamente nos 3 centros, cós coordinadores dos outros centros participantes (IES Sabón e IES Pastoriza) e os representantes da FAO a fin de facilitar o desenrolo e coordinación do proxecto. Estas reunións non tiveron este curso a periodicidade sinalada por múltiples problemas organizativos
- As reunións programadas para o último martes de cada mes, de 17:30 a 19:15 h. realizáronse sen periodicidade fixa. Debido a sobrecarga de actividades a realizar os martes.

Á parte de transmitir todas as informacións de interese presentáronse diferentes iniciativas e programas de utilidade para o profesorado

- Fomento do intercambio de experiencias.
 - Non se puideron realizar como estaban plantexadas. Tentouse facelo usando o correo-e para transmitir as experiencias que se estaban a realizar
- Crear un grupo estable entre os membros do proxecto que estude a posibilidade de establecer un modelo PdB na utilización das TICs. Realizáronse algunhas reunións esporádicas. Tendo en conta os acontecementos que se avecinan, este debe ser un dos eixos do traballo de cursos sucesivos

6. Equipamento.

- Solicitouse á Fundación Amancio Ortega o seguinte equipamento:
 - Un carro novo con 25 portátiles máis. Está situado no 2º andar do pavillón 2 para dar servizo ao alumnado do 3º ciclo
 - 5 Pizarras dixitais interactivas. Concedéronse dúas. Unha para Ed. Infantil, que está colocada este ano na aula de Ed. Infantil 5 anos E. Outra para o pavillón 1, situada na aula de Lingua Inglesa
 - Auriculares para os ordenadores de Ed. Infantil e dos Carros do 3º ciclo. Foron denegados, xa que son considerados como material funxible.

7. Valoración do curso 2005/2006

Este curso tentouse solucionar os problemas de comunicación existentes entre o Proxecto Ponte dos Brozos e as diferentes institucións educativas. O coordinador do proxecto no CEIP Ponte dos Brozos realizou diferentes entrevistas cos inspectores de zona, co delegado provincial da consellería de Educación e Ordenación Universitaria e co Secretario xeral da mesma consellería. As impresións sacadas destas entrevistas foron moi positivas pero aínda non significaron ningún tipo de modificación nas relacións con estas institucións.

Foi moi positiva a relación coas escolas unitarias de Rorís e Lagoa.

As relacións institucionais mantidas foron correctas. Tanto coa dirección do centro como coa inspección educativa non existiu ningún tipo de problema, sacando o incumprimento por parte da consellería do convenio asinado que obriga a cubrir con profesorado substituto todas as saídas do profesorado por motivos relacionados co PPdB. Incumprimento realizado con motivo da viaxe aos colexios de Huelva

Tentouse favorecer o correcto desenvolvemento do proceso de avaliación externa que está a realizar a Fundación Blanquerna da Universidade Ramon Llull de todo o que se está a realizar dentro do proxecto Ponte dos Brozos.

O traballo realizado polos técnicos da FAO foi moi bo, converténdose na referencia da Fundación Amancio Ortega no colexio. Aínda que existiron innumerables problemáticas derivadas dun envellecemento progresivo do material utilizado. Tamén resultou dificultoso solucionar os problemas que viñan dados por un aumento no uso dos portátiles do alumnado e do seu acceso á Intranet. Unha deficiente ubicación das antenas que soportan a conexión WI-FI facía que nalgúns das aulas a cobertura inalámbrica fose deficiente e crease grandes frustracións ao alumnado e ao profesorado

Continuando con asuntos técnicos comentar o escaso ancho de banda dispoñible para o acceso a internet. Outro problema técnico foi a problemática utilización do disco dos alumnos.

O principal atranco que tivemos este ano foi o derivado dos problemas organizativos que supón a desmesura deste colexio. Todo é grande e todo está lonxe. Resulta sumamente difícil buscar un día ou unha hora na que se poida reunir a todos os profesores e as profesoras. É complicado tentar transmitir as diferentes actividades que están a realizar uns compañeiros ou compañeiras para que se enteren os outros.

Este ano foi o ano da web 2.0. A participación do profesorado do centro en diferentes cursos sobre estas aplicacións significou a aparición de novos blogues do profesorado e do

alumnado. Sinalar aquí os blogues que se están a realizar nestes momentos no colexio e por membros do PPdB.

- <http://anosaclase.blogspot.com> . Blog de José Carlos Casales e da súa clase Ed. Infantil 3 anos D
- <http://detodosedetodounpouco.blogspot.com/> Blog de M^a Jesús Abad e da súa clase 5º A
- <http://pequenos.nireblog.com/> . Blog de Ramón Segade e da súa clase 5º B
- <http://nosoblog.blogspot.com> . Blog de Javier Díaz e da súa clase de 6º E
- <http://auroenglish.blogspot.com> Blog de Aurora Jove e do alumnado de lingua Inglesa

8. Propostas para o curso 2007/2008

- Buscar o xeito de mellorar a comunicación entre as persoas implicadas no proxecto
- Crear un grupo estable de traballo que busque a sostenibilidade do proxecto nun futuro próximo
- Valorar a posibilidade dunha maior coordinación horizontal previa á vertical
- Establecer unha relación máis estreita coas escolas unitarias
- Establecer un calendario de reunións e tentar cumprilo.
- Potenciar as páxinas web profesionais, ou os blogues como alternativa as mesmas, do profesorado.
- Estudiar o xeito de crear páxinas web ou blogues para o alumnado.
- Estudiar a mellora da rede WI-FI
- Tentar iniciar a renovación dos equipos que están a quedar obsoletos.
- Potenciar as saídas e a asistencia a congresos ou xornadas dos membros do PPdB
- Mellorar o sistema de intercambio de experiencias.